

ACHEGAMENTO Á PROBLEMÁTICA DA EQUIVALENCIA OU NON EQUIVALENCIA ENTRE ADXECTIVOS E FRASES PREPOSICIONAIS

ANA VIDAL MEIXÓN (ILG)

Abstract

In this article we draw attention to the duality presented by selected examples, which apparently convey the same information: whether it be in the choice of adjective or the choice of corresponding prepositional phrase. In order to discover whether we have a case of equivalence, we go through a process of examining the different view points adopted by the scholars when faced with identical or similar linguistic realities. In a second phase of the study, we give the results of the research into these types of examples, examples from a body of ethnological texts, taken from spoken Galician. The aim behind this is to approach the problematic from a purely practical perspective. We attempt to form groups from pairs with similar characteristics. We then analyze the possible nuances differentiating the two options. Throughout this study, we reveal how the various linguistic factors: semantic, pragmatic and stylistic, intervene in the choice of adjective or phrase.

Ante exemplos coma *hábitos alimentarios / de alimentación* ou *escribir rápido / con rapidez*, nos que o falante «aparentemente» transmite a mesma información ó oínte, así elixa a opción do adxectivo coma a da frase preposicional, suscítanselle ó lingüista unha serie de cuestións de difícil resposta. ¿Pódese tratar dun caso de sinonimia? Non sería o esperable, porque cando escoitamos que a un mesmo significado lle corresponden dous ou máis significantes distintos o habitual é asociar cada un destes significantes a unha unidade concreta, a palabra. Quizais con-

veña buscar respostas máis alá da semántica e axudarnos doutros feudos lingüísticos, tales coma a pragmática ou a estilística, por exemplo. O que queda patente é que cómpre seguir un dos camiños que, segundo autores como Apresjan, caracterizan hoxe a lingüística, o de abordar unidades superiores á palabra. Con todo, estamos a medio camiño entre a micro e a macrosemántica, xa que esta última se centra sobre todo en oracións e textos e nós ocupámonos de frases.

Comezaremos facendo un percorrido polos distintos puntos de vista que adoptaron os estudiosos respecto do asunto que abordamos e a continuación efectuaremos a análise dun grupo de exemplos seguida das correspondentes conclusións.

POSICIONAMENTO DOS ESTUDIOSOS

Buscamos primeiro respostas nos xenerativistas co fin de indagar se son quen de explicar esta correspondencia entre adxectivos e frases preposicionais a través dalgún tipo de «transformación». A obra máis antiga que consultamos é a de N. Ruwet, *Introducción a la gramática generativa* (1974²), nela o autor expón que segundo Tesnière na secuencia «le livre d'Alfred», «d'Alfred» desempeña a mesma función ca «rouge» en «le livre rouge». De aí deduce que «d'Alfred» (1974²: 296) é o equivalente dun adxectivo, daquela a preposición «de» transformouno nun adxectivo. Tesnière chama a esta transformación traslación, que consiste en transferir unha palabra dunha categoría gramatical a outra categoría gramatical, cambio que entraña lóxicamente un cambio de función. Ruwet acúsao de confundir relacións entre categorías e funcións, en «d'Alfred» «Alfred» segue a ser un substantivo (porque segue admitindo os seus determinantes habituais), agora ben, «d'Alfred» pode exercer ó igual que «rouge» a

función de epíteto. Representase na seguinte regra (1974²: 299):

$$\text{SN} \rightarrow \text{Art} + \text{N} + \begin{cases} \text{Adx} \\ \text{de} + \text{SN} \end{cases}$$

Tres páxinas máis adiante Ruwet segue tocando aspectos da teoría xenerativista relacionados co caso que nos ocupa. Comenta o chamado principio de «equivalencia» de Harris (no que probablemente influiría Chomsky, apunta Ruwet), del séguese que dous elementos son equivalentes se se atopan en contornos idénticos ou equivalentes, agora ben, dende un punto de vista puramente formal, sen recorrer ó sentido. Autores posteriores coma Fodor e Katz, sen embargo, si consideraron útil este principio para a semántica e a estilística, permitindo por exemplo falar de sinonimia local cando en certas condicións un par ou conxunto de termos poden ser tidos nun texto dado por sinónimos ou para-sinónimos.

Un ano máis tarde da publicación da obra de Rowet, V. Báez San José en *Introducción crítica a la gramática generativa* critica a Chomsky pola súa confusión entre o significado lingüístico e o referencial cando este considera que «I like the play» e «The play pleases me» (1975: 295, 311) teñen o mesmo significado, unha como paráfrase da outra, sen que puidese expresarse por medio de transformacións. A igualdade aquí é no plano referencial, non no lingüístico. O autor sinala ademais que Chomsky non explicou o grave problema que supuña determina-la relación entre paráfrases deste tipo, para el semanticamente equivalentes, pero das que afirmaba que non podía dar conta o modelo xenerativo-transformacional.

Estas paráfrases (a xa citada, «me alegro de que vengas»/«me alegra que vengas», «me asombro de su genialidad»/«me asombra su genialidad», etc.) (1975: 311) non seguen o mesmo patrón das parellas que aquí estudiamos, pero sérvennos de referente, sobre todo á hora de velas ou non velas cómo expresións semanticamente equiparables. Ademais faise máis evidente a proximidade en pares nos que, coma nos de Chomsky, varía a función sintáctica: *E vivimos aquí ahora de vellos moi tranquilos* (adx.- predicativo) / *con moita tranquilidad* (fp - complemento circunstancial de modo).

Deteñámonos agora na análise transformacional que M. Luján desenvolve en *Sintaxis y semántica del adjetivo*. No capítulo V do libro, adicado ós adxectivos adverbiais, establece unha serie de probas coas que tenta demostrar que a pesar da similar función adverbial das formas adxectivas en secuencias como «camina rápido» (adxectivo invariable) e «llegó cansada» (1987: 154) (o adxectivo varía en xénero e número) a súa aparente semellanza é tan só superficial, na estrutura básica as primeiras categorízanse simplemente coma adverbios e as segundas son adxectivos adverbiais¹. Dos seis puntos que toca no apartado 5.2. interésanos especialmente o quinto, no que afirma que os adverbios son substituíbles por sintagmas preposicionais, se existen substantivos morfolóxica ou semanticamente (ou ben ambos) relacionados no léxico, por exemplo:

«Lo hicieron muy rápido»- «Lo hicieron con mucha rapidez»
«Hablaron claro»- «con claridad»
«Andaban despacio»- «con poca velocidad / sin (ninguna) rapidez» (1987: 158)

Pola contra nos adxectivos adverbiais este tipo de substitución é menos común, disonante ou require diferente preposición no sintagma adverbial resultante do cambio de unidade:

«Llegó cansada»- «con cansancio»
«Viajábamos solas»- *Con soledad (1987: 158)

Segundo a autora todas estas parellas conteñen secuencias sinónimas, sexan as do primeiro grupo (relativas ó adverbio) sexan as gramaticais do segundo (relativas ó adxectivo adverbial). As primeiras equipáranas na medida en que describen o mesmo modo ou maneira en que se leva a cabo a acción, e as segundas por describi-lo mesmo estado ou condición na que se atopa o suxeito ou o complemento directo do verbo.

Continuando na orde cronolóxica, Lyons na súa obra *Lenguaje, significado y contexto* (1983), inte-

...¹ Adverbios: porque derivan de sintagmas adverbiais xerundivos cunha cópula como verbo principal. Ex.: «Viajábamos solas» < *Viajábamos estando solas, secuencia intermedia que deriva da cláusula completa «[nosotras viajábamos [nosotras estando solas]]» (1987: 154).

résase por matiza-las distintas vertentes do significado e para isto axúdase de conceptos como «contido proposicional» (a parte do significado das oracións que se pode explicar como o produto dos *significados dos lexemas constituintes*), «condicións de verdade» (condicións baixo as que sería verdadeira ou falsa unha oración para a situación ou o estado do mundo que pretendese describir), etc. Afirmar que dúas oracións teñen o mesmo contido proposicional só no caso de teren as mesmas condicións de verdade² e defende que texto e contexto son complementarios. A raíz desta defensa analizará distintos presupostos pragmáticos. Preocúpase de distinguir entre o significado descritivo (ou proposicional) e o non descritivo (ou non proposicional). Este segundo inclúe un compoñente expresivo no que se move o ámbito da pragmática (á que aludimos nas liñas anteriores), da estilística e aqueles tipos de significado expresivo que son inquestionablemente parte da oración (1997: 68).

Tamén dentro da corrente xenerativista interesa agora *La Sintaxis* de M.^a Ll. Hernanz e J. M.^a Brucart. Recoñecen que por razóns de espazo non poden adicar un capítulo ó sintagma adxectivo ou ó preposicional, só os abordan por vías indirectas. A pesar diso achéganse bastante ó noso punto de estudo cando declaman que a través da expansión se pode demostrar que secuencias como «los estructuralistas» e outras de maior complexidade, «los estructuralistas de la Escuela de Praga», son intercambiables por unidades léxicas como «Pepe», «ellos», etc. por posuí-las mesmas propiedades distribucionais. Pero son intercambiables porque a categoría sintáctica é a mesma (un SN), premisa que non se cumpre en moitos dos casos que analizamos: *alimentarios* (SAdx) / *de alimentación* (Sp); *interesante* (SAdx) / *de interese* (Sp), de aí que resulte dubidoso que os tivesen en conta ou os explicasen así.

Fóra da corrente xenerativista, S. Stati en *La semantique des adjectifs* defende a análise compoñencial na liña da semántica estrutural. Na obra considera que un lexema e un sintagma son equivalentes semánticos en casos coma «parisien = de Paris, solaire = du soleil» (1979: 17). Di que son sintagmas «quasi» equivalentes de adxectivos os de pares como «sans dents/édenté³, boueux/plein de

boue» (1979: 18), sen matiza-las diferencias entre unha e outra etiquetaxe. Sen embargo unifica todos estes exemplos no momento de afirmar que as definicións perifrásticas dos adxectivos se reducen a unha serie de estruturas sintácticas, entre as cales está nun primeiro lugar a de Prep + Nom (1979: 28). A aplicación desta teoría ó noso corpus é olvia, de *Pontevedra* vén se-la definición perifrástica de *pontevedrés*, sendo fp e adxectivo equivalentes semánticos (e así sucesivamente noutras parellas).

Rodríguez Lapa aborda a problemática que tratamos en *Estilística da lingua portuguesa*, onde lemos no apartado adicado ós nomes: «O adxectivo é portanto o elemento fundamental da caracterización dos seres; mas a Estilística tem uma noção muito mais larga do adjectivo do que a Gramática: para ela tudo quanto sirva para caracterizar, jeito de entoação, palavra ou frase, vale como adjectivo» (1984: 132). Un pouco máis adiante exemplifica co caso de «Avistámos ao longe um barco à vela» e afirma que a «locução» *à vela* é equivalente dun adxectivo: «barco *veleiro*» (1984: 133). Así pois cingue estes exemplos ó eido da estilística e observa unha relación de equivalencia entre estas frases preposicionais e os adxectivos.

Dentro do funcionalismo, preguntámonos se o libro *Variación e significado* B. R. Lavandera pode aportarnos solucións á hora de saber cómo catalogar estes pares de adxectivo/fp ¿Están relacionados coa variación, é dicir, coa existencia de formas alternantes que podemos intercambiar sen que aparentemente mude o «sentido»? Esta noción de variable aplícase sobre todo na fonoloxía, porque como a propia autora indica: «Para dos o más variantes fonológicas puede demostrarse más convincentemente que señalan referencialmente “lo mismo” que para cualquier par de construcciones sintácticas sinónimas tales como *Se premió a los mejores* vs. *Premiaron a los mejores*. Una diferencia sintáctica de este tipo, tal como la que estudian Labov y Weiner (1977) para el inglés (*The liquor closet was broken into* vs. *They broke into the liquor closet*) requiere un hábil descarte de todas las posibles diferencias de significado» (1984: 41). Fóra da fonoloxía ó que máis se chegou foi a indicar factores estilísticos, pero non semánticos, coma no caso de Sankoff. Ante estas dificultades a autora opta por afirmar que a substitución nun mesmo espazo de formas alternantes (coma as parellas de exemplos que estudiamos) non é nin libre nin

² Vid. apdo. 5.7. pp. 173-179.

³ Sen embargo, pode que contradictoriamente, páxinas despois escribe: «Vu que *édenté* equivaut à “sans dents”[...]» (1979: 30).

totalmente condicionada por factores extra-lingüísticos, senón que reflexan unha elección funcional de parte do falante, dirixida a servi-los seus propósitos comunicativos. Deste xeito pretende debilitar a condición de que o significado deba se-lo mesmo para tódalas formas alternantes e remprazala por unha condición de comparabilidade funcional. (Trujillo, estudioso ó que logo nos referiremos, critica esta postura acusándoa de prescindir do significado e de non falar de gramática nin de semántica, en sentido estricto, senón da covariación de valores sociais ou estilísticos en paralelo coa elección de variables diferentes) (1984: 368).

A grandes trazos segue a Lavandera C. Silva-Corvalán no seu libro *Sociolingüística. Teoría y análisis*. Cando aborda o problema do significado en variación sintáctica sinala, en consonancia con ela, que as variantes dunha variable sintáctica non son claramente dúas ou máis formas diferentes de dici-lo mesmo. As variables fonolóxicas covarían con factores sociais e estilísticos, mentres que as sintácticas, polo seu carácter especial, están condicionadas por factores sintácticos, semánticos e pragmáticos (factores externos coma educación, sexo ou idade son a miúdo pouco determinantes). Dinos que se vai preocupar polo momento de delimita-la esvaradiza fronteira entre eles e posiciónase. Como Labov, pensa que no estudio da variación sintáctica cómpre tomar como punto de partida variantes de sinonimia léxica incuestionable. Só se non conlevan diferenzas de significado sintáctico, semántico nin pragmático a súa posible covariación con factores sociais e estilísticos sería en si mesma indicadora de significados sociolingüísticos. En caso contrario suxire que, xuntamente con Lavandera, esa covariación só se podería interpretar como indicadora de diferentes estilos de comunicación (por exemplo, máis ou menos asertivo / cortés / abstracto, etc.).

Dende o punto de vista da sintaxe funcional exposto por G. Rojo e T. J. Juliá en *Fundamentos del análisis sintáctico funcional* probablemente non tería moito sentido pór en correlación as parellas que recolleamos. Nelas deberíamos limitarnos a distinguir claramente entre unidades e funcións, por exemplo, *alimentarios* (fadx) e *de alimentación* (fp) desempeñan a mesma función, a de modificador do núcleo *hábitos* no SN *os hábitos alimentarios/los hábitos de alimentación*. Topamos con funcións sintácticas distintas nun número moi reducido de

casos⁴ como *o nome que un poida ter profesional /na profesión depende de...*, a fadx *profesional* desempeña a función de predicativo, mentres que a fp *na profesión* nos leva a un CCL.

Busquemos agora respostas dende outro enfoque lingüístico. Máis recentemente Erica C. García no seu artigo «Frecuencia (relativa) de uso como síntoma de estrategias etnoprágmatas» sinala que o contacto entre linguas se reflexa sobre todo en préstamos léxicos e interferencias sintácticas, aínda que nestas últimas, como resulta máis difícil discernir en qué cambia a perspectiva do falante cando escolle unha ou outra variante, podería parecer unha cuestión «meramente estilística» (1995: 55), sen verdadeiro importe comunicativo. Con todo conclúe que o cambio existe (unido a un contexto pragmático concreto) e defende que a frecuencia relativa de uso se pode ver como un reflexo de valores e actitudes culturais (a miúdo inexplícitas) nestes casos nos que por medio da variación na expresión se describe unha «mesma» (1995: 55) realidade. ¿Sería viable trasladar estes presupostos xerais ó corpus que tratamos, onde a alternancia entre unidades sintácticas «parece» tamén describi-la mesma realidade⁵? Neste sentido cómpre termos en conta o que lemos ó final: «Porque no es sólo en casos de “contacto” que la frecuencia relativa de uso puede verse como síntoma de la perspectiva cognitiva: esto es así aún en el uso más “normal”» (1995: 70).

M. Vilela, ese mesmo ano, en *Léxico e Gramática* cando fala de cómo o dicionario pode axudar á hora de interpretar textos recorre ó concepto de sinonimia referencial, pero aplicado á chamada «retoma léxica» (1995b: 236), non sabemos ata qué punto implica a unidades superiores á palabra no caso das retomas léxicas feitas por medio da «anáfora⁶» conceptual.

Deteñámonos agora en *Principios de semántica textual*, escrita por R. Trujillo. Nega rotundamente tanto a existencia da sinonimia lingüística como da sinonimia léxica (rebatendo a Silva-Corvalán), porque considera que se nutren da igualdade no

⁴ Sería moi interesante analizalos polo miúdo, pero é un obxectivo xa inabarcable aquí.

⁵ Por exemplo, en *xente estudiada/con estudios* poderíamos quizais sospeitar que a influencia do castelán está detrás da elección da fp e derivar deste feito as connotacións culturais que están detrás.

⁶ Explica o termo nas pp. 228-9.

que se quere dicir (sinonimia contextual) e non da igualdade no que se di, isto é, do referente da expresión e non da natureza semántica desa expresión. E advirte que o referente tan só é o que o falante imaxina como correlato «real» (1996: 350) das palabras que emprega, feito do que desprende á súa falta de obxectividade. Con relación ó estudo de E. García recalca o problema da confusión entre o que é propiamente variación (distintos alófonos dun mesmo fonema, distintos sentidos dunha mesma forma semántica) e o que é elección entre variantes diferentes (como as sintácticas), as cales non se refiren a unha situación dada a priori e universalmente senón que dependen da nosa visión do mundo (1995: 364). Na mesma liña sinala que a equivalencia non é unha propiedade das palabras nin das construcións, senón o resultado das nosas opinións, e axúdase do par «madrileño/de Madrid» (1995: 407) para indicar que, en todo caso, as equivalencias serían a efectos pragmáticos, utilitarios ou culturais.

Por último, chegamos á obra máis recente das analizadas, *Gramática da lingua galega III. Semántica*, de X.R. Freixeiro Mato. Inclúe os exemplos que estudiamos dentro da equivalencia designativa, que se establece neles a través do procedemento da derivación, porque permite, sinala, a equivalencia entre categorías lexicais diferentes (mantéñen o mesmo contido) e cita varios pares: «pazo dos señores/pazo señorial», «rota de Rosalía/rota rosaliana» (1998: 105).

PROPOSTA

Despois de ofrecer esta panorámica queda patente a marcada controversia que arrodea o tema que nos ocupa. Xérase sobre todo a raíz de dous aspectos sinaladamente distintivos, dunha banda enfrontámonos a unidades superiores á palabra (que invalidan en grande medida o apoio dos dicionarios) e, doutra, a relación que se establece entre a opción do adxectivo e a da frase preposicional pode ser de distinta natureza, semántica, pragmática, estilística, etc., feito que complica a súa análise.

Pódese falar aquí de equivalencia designativa, pero tamén é certo que o termo «equivalencia» é moi esvaradizo (como sinala Trujillo, entre outros), porque é difícil calibrar ata que nivel chega e cando é máis ou menos perfecta. Con

todo, preferimos esta etiqueta á de sinonimia lóxica, xa que, como imos amosar de seguido, aínda que o falante dispoña das dúas opcións para se expresar, con frecuencia a súa elección arrastra diferencias de distinta orde, semánticas, pragmáticas, estilísticas (como máis arriba indicabamos), que poden ser simultáneas.

No artigo estudiaremos un corpus de exemplos nos que pode existir alternancia entre unha frase preposicional e un adxectivo. Tenderemos a comparar dúas estruturas e non só as dúas unidades que forman parte del. Vémonos obrigados a facelo así porque a outra opción esixiría un corpus moito máis amplo, necesario para rastrexar se poderían existir outros contornos nos que o falante só dispuxese de unha das dúas posibilidades, ben o adxectivo, ben a fp. Só pretendemos ofrecer unha mostra punto de partida, unha visión de conxunto. Noutro traballo de maiores dimensións resultaría interesante recoller nun abano de contextos amplo cada unha das parellas de unidades estudada e comprobar en qué medida son sistemáticas.

O corpus do traballo procede do galego oral, para podermonos achegar ós recursos da fala viva e coñece-la súa riqueza de matices. Partir da lingua oral facilita ademais establecer un contraste entre lingua coloquial (a usual dos informantes) e a formal ou literaria (a partir da forma correspondente extraída dos dicionarios, polo xeral), de onde o lector pode inferir mellor o abano de posibilidades que a lingua lle oferta, e máis aínda se falamos de escritores, políticos, aqueles que manexan a linguaxe publicitaria, falantes en xeral que queiran impactar de xeito premeditado ó oínte a través do dominio práctico da lingua.

Os exemplos presentados proceden da análise de 50 páxinas de etnotextos. Nelas transcribíense as gravacións de nove veciños de distintas parroquias do concello de Cotobade (Pontevedra), realizadas entre os anos 1994-5.

A opción do exemplo que colocamos nun primeiro lugar é a que escolleu o falante, e a que lle segue é o adxectivo ou a frase preposicional tamén posible na lingua se buscamos no dicionario o substantivo ou adxectivo correspondente de igual raíz (ás veces escollido polo mesmo falante liñas despois). Tentaremos establecer grupos con aqueles casos que presenten características semellantes. Veremos como os matices semánticos que separan unha escolla da outra son a miúdo complexos e esvaradizos. A cada parella corresponde máis dun matiz diferenciador as

máis das veces, pero por razóns de simplificación prestaremos sobre todo atención ó máis sobresaínte, que será o que decida a súa clasificación nun grupo ou outro. Por este mesmo feito a análise partirá do contexto orixinario, completado con posibles sondaxes noutros. Agrupámo-los exemplos en dous grandes bloques, segundo as diferencias partan ben do contido ou ben do uso ou a forma.

1. PUNTO DE PARTIDA O CONTIDO

1.1. PUNTO DE VISTA INTERNO/EXTERNO

O primeiro grupo, vén dado pola importancia decisiva do punto de vista que se adopte ó expresa-la cualidade á que remiten o adxectivo ou a frase preposicional, *este pode ser interno ou externo*, respectivamente. En todos estes casos no adxectivo manda o punto de vista interno, é dicir, a cualidade expresada interesa sobre todo pola súa repercusión no propio individuo, mentres que no seo das frases preposicionais transmítese dende unha perspectiva máis externa ó aludir á situación que rodea a ese individuo.

Vexamos algúns exemplos para despois comentalos. Nun primeiro subgrupo faise referencia a estados anímicos. Nel a escolla máis común dentro do rexistro coloquial é a do adxectivo:

E vivimos aquí aghora de vellos *moi tranquilos*; L⁷: con moita tranquilidade
non me creou trauma a miña vida que vivín na miña casa *moi triste*, porque mamá padecía de asma; A: con tristeza

Neste segundo exemplo a fp aporta maior dramatismo, en gran parte porque se achega máis a un estilo literario. O emisor quere restar importancia ás *desgracias da súa vida*, por iso é máis adecuado o matiz de menor intensidade do adx.

a segunda parte non sei se non vola conte, porque é moi, moi, moi, *moi triste*, *moi dramática*; A: de moita tristeza, de moito/gran dramatismo
fun unha adolescente mui alegre, *mui optimista*; A: de moita alegría, de moito optimismo

⁷ Inicial do nome do informante (Vid. última folla).

Aparentemente son iguais ó anterior, pero a presenza da preposición *de* marca diferencias. Deixa o terreo máis aberto á enumeración⁸ (*de moita tristeza, de moito ir e vir, de moito traballo...*). Fronte a isto, o enunciado co adxectivo ten un carácter máis pechado, máis unidimensional, co cal ten unha maior carga subxectiva.

Nun posible quinto exemplo sen embargo non se admite a opción da fp:

unha gran merenda eles quedaron todos *contentos* e eu tamén quedei *contenta*; A: *con alegría

O verbo *quedar*, que indica cambio de estado (segundo a clasificación que establece Vilela) (1995a: 63), como *permanecer*, *manterse*, non encaixa ben co matiz máis durativo que aporta a fp.

Xa fóra do eido anímico, acóllense a esta oposición interno/externo outros tipos de exemplos.

ó final levei un desengaño e quedei *solteira*; A: *na soltería

un caso similar ó último, aínda que o verbo *quedar* xa non significa «pasar a certo estado» senón «permanecer nel». Isto cadra coa tónica da fp, segundo vimos, pero o problema é que neste tipo de oracións non admite esta clase de construcións con preposición (**quedei na viuvez*, **na virxindade...*).

O exemplo seguinte refírese tamén á caracterización das persoas:

porque xa din que os *da aldea* somos patetos; V: aldeáns

Para explicalo sérvenos de gran axuda a pragmática. *Aldeáns* pode ter unha lectura neutra (ex.: *os aldeáns levan unha vida tranquila*) ou negativa (ex.: *falando con aldeáns non esperes que che entendan á primeira*), pero a fp (soa, sen ningún tipo de complementos) adoita transmitir connotacións pexorativas, e iso porque o emisor quere indicar moito máis cá orixe da persoa, detrás está a presu-

⁸ Enumeración que non debemos confundir coa complementación da que falaremos no apartado 1.4., xa que aquí a posible información adicional é paralela á primeira, non está supeditada a ela coma no caso de 1.4.

posición de que os que proceden da aldea son ignorantes, brutos, atrasados, etc. De aí que non resulte común escoitar *os da aldea levan unha vida tranquila* dentro dun marco neutro ou positivo.

Relativos ás persoas son tamén os dous que de seguido comentamos:

e chegha outro catalán e póndevos a falar catalán e eu si non entendo... que lle dean, e eso xente *estudiada* cho fai, ¡xente *estudiada*!; E: con estudos

Aquí o que se enfrenta, en xeral, é a fala dos vellos (emprego do adxectivo) e a dos novos (da fp). Por outra banda sobresa a relación de causa-efecto que se observa: *porque se formaron con estudos de distinto xénero son xente estudiada*.

Caso interesante resulta estoutro:

os mestres, a maior parte delas que me deron clase e inda están por aí *vivas*; Es: *con vida

Aquí cómpre averiguar por qué nunha interpretación literal aceptámo-la opción do adxectivo, pero non a da fp (si no caso de *do avión quedaron vivas tres persoas/con vida*, despois dun accidente). Na busca da resposta xoga un papel sinalado a pragmática, de aí que neste exemplo lle cedámo-lo protagonismo. Estamos diante dun tipo de inferencia pragmática, a implicatura. Se dicimos *están con vida* implicamos que había moitas posibilidades de que tivesen morto. Neste contexto a citada implicatura condúcenos á ironía, ó humor, xa que o emisor non é claro e só deixa entrever, para no dicilo explicitamente, que lle gustaría que estivesen mortas. Esta dobre interpretación (están vivas/pero gustaríame que estivesen mortas) que busca o falante lévao a infrinxi-la máxima de maneira da teoría clásica de Grice⁹ sobre a implicatura (Levinson, 1989: 93). Polo que respecta ó enunciado que corresponde ó adxectivo a lectura irónica ten lugar máis raramente.

⁹ Grice supuxo o punto de partida de dúas correntes posteriores distintas, dunha banda Horn, Levinson ou Sperber e Wilson, que reduciron o número de máximas, e doutra banda autores que, como Leech, tentaron establecer máximas complementarias. Entrar nesta polémica desviaríanos do noso centro de estudo.

si quero escribir *rápido* teño que escribir coa dereita; Es: con rapidez

Con *rapidez* lévanos ó punto de vista externo: nun curto espazo de tempo (rapidamente), mentres que *rápido* nos leva ó interno, ó acto en si de escribir con desenvoltura, con axilidade.

dou un frenazo tan *rápido*; A: con tanta rapidez

A perspectiva interna vén da man do adxectivo, estea referido ó substantivo ou ó pronome persoal elíptico axente da acción, mentres que a fp incide na externa porque se centra non tanto nun resultado coma nun método.

salvo que haia situacións de calor moi *intenso*; G: de moita intensidade

A primeira solución, *intenso*, de tipo interno, céntrase na cualidade da calor mentres que a segunda fai máis referencia ós efectos que esta produce. A elección do falante, por outra banda, evita a repetición da preposición *de*.

[certos termos] porque dan un toque *culto e de certa universalidade*; G: de cultura, universal

Quizais aquí o ton selectivo da preposición restrinxa máis a cualidade, fronte á totalidade expresada polo adxectivo.

Cambian un pouco os papeis sen embargo, debido á estrutura comparativa, no seguinte caso:

segar herba, qu'era posiblemente o traballo máis *duro*; M: de máis/maior dureza

Onde o carácter externo se entrevé tamén na opción do adxectivo, porque nela se establece unha comparación co resto dos traballos.

Preséntasenos un caso particular en:

pero o linguaxe *periodístico* ten un gran problema; G, p. 93: do periodista (na fp)

É o único exemplo que recollemos onde o substantivo introducido pola preposición ten o trazo [+humano], aínda que fóra do corpus poidan existir outros (máxime entre os nomes de profesión),

coma *capital empresarial/do empresario*, por citar un. Ademais na fp opera a sinécdoque, de aí o seu maior efectismo no oínte, como acontece coas figuras estilísticas en xeral.

Despois deste primeiro grupo clasificado en torno ó punto de vista interno/externo, séguenlle en número os que xiran en torno á materia/cualidade e á extensión.

1.2. MATERIA/CUALIDADE

Con estes termos referímonos a aqueles casos nos que a dúbida oscila entre dúas alternativas: ben seleccionar directamente a materia (ou ámbito) á que se fai referencia, ben abarcala a través da cualidade ou característica que nos remita a ela. No primeiro caso estaríamos diante da frase preposicional e no segundo diante do adxectivo. Polo común o substantivo que funciona como núcleo do sintagma contén o trazo semántico [-animado].

[ó escribir] problemas *de léxico*; G: léxicos
investigar máis pois nos hábitos *alimentarios*; G: de alimentación

no mundo despois *da publicidade*. Hai que vender entonces...; G: publicitario
escribir pequenos artigos *de gastronomía*
en galego; G: gastronómicos

Nestes exemplos parece ter, en xeral, unha maior aceptación entre os falantes a solución da fp. O adxectivo contén un carácter máis directo, máis cercano, de aí que adoite aplicarse ó ámbito práctico, deixando o teórico para a fp primeira; por exemplo, é máis frecuente escoitar *xornadas gastronómicas* (ámbito práctico: prepárase e degústase comida) ca *xornadas de gastronomía*, á súa vez habitualmente oímos *artigos de gastronomía de léxico* (ámbito teórico: reflexións escritas).

No resto dos exemplos que encontramos as opcións non son intercambiábeis, só dispomos da que inclúe a fp. Vexamos primeiro os exemplos e tentemos despois buscar unha razón a esta diferenza:

a utilización *do galego*; G: *galega
escribir pequenos artigos de gastronomía *en galego*; G: *galegos
temos unha empresiña *de comunicación*;
G: *comunicativa

son funcionario *de educación*; G: *educativo

O que distingue estes cinco exemplos dos catro anteriores é que non presentan opcións alternantes porque cada unha delas está especializada nun significado concreto. Nos dous primeiros exemplos a fp fai referencia á «lingua galega» (enténdese aquí *galego* coma substantivo) mentres que o adxectivo indica «De Galicia ou dos seus habitantes» (RAG 1997). Nos dous segundos a significación da fp adoita corresponderse coa primeira definición dos dicionarios, a máis neutra, e a dos adxectivos coa segunda, a que restrinxe un aspecto relacionado con ela; sirva de mostra *educativo*: «Relativo á educación/Idóneo ou conveniente para a educación ou formación» (RAG 1997).

1.3. EXTENSIÓN

Adoptamos este termo nun sentido amplo, para significar que unha das opcións abarca un campo máis amplo de aplicación ou conleva unha maior dimensión (sexa temporal, espacial...). Rexistramos tres exemplos nos que entra en xogo a extensión de tipo temporal:

vender tres vidóns de leite *diarios*; A: ó día

A elección do falante depende de se lle interesa prolonga-la acción dende a perspectiva da continuidade (que nos levaría á escolla do adxectivo) ou dende a da reiteración, que se inclina á fp. Vendo este caso entendemos que non sexa posible o par:

pois no fin *de semana* veñen; A: *semanal

As dúas opcións conteñen valor reiterativo, sen embargo a do adxectivo non é correcta, ¿por que? Pensamos que detrás está o carácter particular de *fin de semana* por tratarse dunha frase lexemática unido ó feito de que *fin* é núcleo dende o punto de vista sintáctico, pero dende o lóxico éo *semana*. En realidade equivale a algo parecido a *semana *rematante*, se este adxectivo existise, co significado de «os últimos días dunha unidade temporal».

e dábanlle uns ataques moi *frecuentes*; A: con frecuencia

No exemplo do adxectivo só podemos interpretar que se refire a un curto espazo de tempo, mentres que no da fp a frecuencia é máis relativa, depende máis da lonxitude do intervalo de tempo que se interprete.

En canto á extensión relacionada cun maior campo de aplicación reunimos catro exemplos. En todos eles a maior extensión vai unida ó adxectivo.

eu esplotéi o ganado, a produción *do ganado e do leite*; A: gandeira, leiteira

O adxectivo remítenos a unha empresa ou sector, e non a unha explotación familiar pequena, como no caso da fp.

estás tomando un plato *de verduras*: G: *vexetal

Novamente a fp conleva un valor máis restrictivo có adxectivo, segundo reza unha das súas definicións «que leva hortalizas como ingredientes» (RAG 1997), co cal o adxectivo admitiría calquera tipo de hortalizas e non só as verduras.

[unha verdura que nace] agora para este primer tempo *de inverno*; G: invernal

A segunda opción contén maior riqueza semántica porque ademais de significar «do inverno», significa tamén «propio del» (RAG 1997), é dicir que reúne as súas características sexa fóra sexa dentro desa estación.

o nome que un poida ter *profesional* depende moito do recoñecemento que che teñan; G: na profesión

A fp tende a restrinxir máis o significado porque se centra no seu contorno profesional, mentres que co adxectivo as repercusións poden quedar aí ou ir máis aló deste contorno cando é recoñecido como un profesional por persoas ou entidades alleas ó seu ámbito de traballo.

1.4. AUTOSUFICIENCIA SIGNIFICATIVA

A extensión referíase ó contido que abarca a unidade mentres que o grao de autosuficiencia significativa fai referencia á maior ou menor necesi-

dade que a unidade ten de especificación ou complementación para precisar máis o seu contido.

Baixo este epígrafe reunimos aquelas parellas nas que aínda que as dúas posibilidades se entenden perfectamente dende unha perspectiva lingüística, unha delas, a da frase preposicional, é especialmente susceptible de ser completada de xeito implícito con máis información no momento da descodificación da mensaxe. Isto enmárcase dentro da complicidade entre os falantes, que permite ó receptor escolle-la interpretación complementaria máis adecuada e aporta máis contundencia ó enunciado (o contacto coa pragmática é evidente).

gústame velo cando é un partido *interesante*; M: de interese

Neste caso, por exemplo, o receptor ten que deduci-la razón do seu interese: por ser decisivo para o seu equipo, porque se xoga un título importante, porque promete ofrecer un bo espectáculo, porque se combinan varios destes motivos, etc. En troques, o adxectivo tende a concentra-la cualificación no gusto do falante dun xeito máis absoluto, bastante indiferente ó que os demais consideren interesante.

había unha sociedade agraria *importante*; G: de grande importancia

Vemos de novo como o enunciado do adxectivo resulta máis pechado, non se trasloce tanto esa información adicional que o podería completar (*de grande importancia para a nosa economía, para os estudos de tipo etnográfico, se a comparamos coa doutros países, etc.*)

leva agora uns anos ultimamente nun proceso *reivindicativo*; G: de reivindicación

Na segunda opción ábrese en maior medida a expectativa do oínte, cara a solucións coma: *de reivindicación salarial/de dereitos...*

2. PUNTO DE PARTIDA O USO E A FORMA

2.1. PREFERENCIAS DO USO LINGÜÍSTICO

Referímonos con este título ós exemplos nos que tanto unha opción coma outra son válidas

dende o punto de vista da lingua, pero o uso que dela fan os falantes ou a norma tenderon a darlle preferencia a unha sobre a outra ou a desbotar unha delas por razóns de economía lingüística, por cambios históricos de distinto signo, polo discorrer das modas.... No grupo que nos ocupa a vantaxe corresponde á frase preposicional.

incluso xente *de Pontevedra*: Es: pontevedresa

tal cousa como lle chamamos aquí na zona *de Pontevedra*; G: pontevedresa

é unha verdura moi propia e moi frecuente *de Cotobade*; G: *cotobadense

O caso dos xentilicios, que vemos nestas tres primeiras parellas (nas que se prefere a fp), é dos máis coñecidos. Na última parella comprobamos como o sistema ofrece a posibilidade do adxectivo, pero a norma actual non selecciona esta opción, feito non estraño entre os xentilicios.

Fóra deste terreo encontramos:

falarlle ós rapaces da gardía civil era *terrible* vamos, si eso era *terrorífico*, E: de terror

A lingua ofértanos tamén a opción da fp que, aínda que se escoita, desbótase frecuentemente a favor do emprego máis usual dos adxectivos. Detrás deste feito acóchase seguramente o menor uso do substantivo *terror* na lingua coloquial en relación a outros como *medo*, sobre todo.

¡aquelo foi *de morte!*, Es: mortal

Aquí a maior frecuencia de uso do substantivo *morte* posibilita un emprego máis equiparado das dúas opcións, anque no que respecta á fp cómpre salienta-lo maior éxito de *de morrer*. Por outra parte co recurso do adxectivo increméntase o grao de coloquialismo.

Na época aí como sabedes *de fame* o que se comía era; G: *famenta, *famélica

Os adxectivos están ligados ó trazo [+animado], de aí a imposibilidade¹⁰ de acompañar ó substan-

¹⁰ Esta imposibilidade revélase máis manifesta en *famélica*, probablemente pola súa relación co aspecto físico (a extrema delgadez, aspecto enfermizo..) inviable no caso de *época*.

tivo *época*, sexa neste contexto sexa noutro calquera (agás, claro está, nos eidos que saltan barreiras en busca dun efecto especial, coma o literario, o publicitario, etc., porque cando menos chamarían a atención do receptor). Pola contra, escoitamos *época de misería/miserenta, de guerras/guerreira*, xa que aquí os condicionamentos lingüísticos permiten ó adxectivo modificar tanto un substantivo animado coma un inanimado.

ese balcón é *de ferro* fundido; G. 89: *férreo

Aínda que nos dicionarios a primeira definición de *férreo* sexa «de ferro» no uso diario da lingua dáselle preferencia á fp para este sentido. O adxectivo acolle outras acepcións de significado «coas propiedades do ferro/que semella de ferro pola súa dureza, ou que demostra tenacidade» (RAG 1997).

tuyen un muíño antes de ter o que teño *eléctrico*; J: *a electricidade, *de electricidade

A segunda alternativa sería posible dende o punto de vista do sistema (ó igual que *motor a/de gasoil, ola a presión, lámpada de gas...*), pero non dende a norma.

aghua *con gas*; L, p. 88: *gaseada

O uso da lingua tendeu a asocia-lo adxectivo con connotacións negativas, aquelas que remiten á acción nociva dos gases.

2.2. DESDOBRAMENTO EN DOUS TERMOS

Incluimos aquí aqueles casos nos que a fp equivalente se compón de máis de dous termos:

eu son, son *sincera*; A, p. 2: de palabras sinceras

A opción segunda puntualiza máis a afirmación, *canaliza a cara ó ámbito da expresión oral, correspóndese coa acepción terceira do dicionario: «Que se pensa ou sente realmente» (RAG). A primeira, sen embargo, recolle tanto este ámbito oral coma o da consideración da persoa na súa globalidade, vémolos reflectido na primeira acepción da definición de *sincero*: «Que actúa ou pensa sen*

enganar a ninguén, sen mentir» (RAG 1997). Por outra banda a frase preposicional achégase máis ó estilo literario.

hai unhas formas xa pa que saia así *redondiño*, [o queixo] E, p 59: con forma redonda

Onde tamén a fp conleva unha maior precisión.

o modelo de cociña da muller *rural*; G, p. 91: do ámbito rural

Do *ámbito rural* remítenos á procedencia, pero o adxectivo *rural* amais disto pode aludir á caracterización de persoas ou realidades relacionadas co campo, xa teñan connotacións neutras xa negativas. Así a fp restrinxen máis o significado do enunciado e dótao dunha maior obxectividade, propia do rexistro máis coidado a onde nos leva o termo *ámbito*.

CONCLUSIÓN

Os resultados da análise dos exemplos cos que topamos ó longo do traballo non fan senón denunciar-lo carácter pluridireccional da lingua, especialmente no que atinxe ó terreo da semántica e da pragmática.

Puidemos ver como mesmo en situacións de aparente similitude (entre adxectivos e frases preposicionais no presente estudio) a maioría das veces esa similitude resulta moi borrosa, xa que no seu seo adoita interferir-la puntualización de certos matices. Daquela non estimamos prudente aplicarlle-la etiqueta de «sinonimia lóxica». Ademais para a súa interpretación a miúdo temos que conceder unha especial atención ó contexto, ó escenario do enunciado, así como á complicidade dos falantes, de aí que sexa preciso recorrer á pragmática. A variable estilística tamén pode servir de axuda en ocasións. Optamos, non sen certas reservas, pola denominación de «equivalencia designativa», de acordo co enunciado na páxina cinco do presente traballo.

Ó longo destas páxinas comprobamos que son variados os motivos que xustifican a elección, as máis das veces inconsciente, dunha das dúas opcións, sexa o adxectivo sexa a frase preposicional (coa preposición *de* en posición preferente). Comentamos só os factores de diferenciación máis

significativos, co propósito de presentar unha proposta de clasificación, pero ante todo interéranos salienta-lo interese que ofrece o campo de estudio tratado. Coñece-los mecanismos que rexen a opción do adxectivo e cáles os da frase preposicional neste tipo de exemplos sería de gran utilidade, en especial para aqueles que viven do manexo da lingua (escritores, xornalistas, publicistas, etc.).

O percorrido efectuado a través deste xogo de semellanza e diverxencia entre as parellas analizadas vén corrobora-la asombrosa riqueza da lingua, a elasticidade da que é capaz no medio dos seus eixos estruturais. Afortunadamente segue sempre a ofrecer dilemas nos que lidar.

DATOS DOS INFORMANTES:

Áurea Ogando Vidal, 66 anos. Aguasantas (A).
 Eleodoro Pérez, 72 anos. Corredoira (E).
 Moisés Fraguas Rei, 40 anos. Corredoira (M).
 Víctor Caramés Bouzas, 21 anos. Rebordelo (V).
 Esmeralda Touriño Vázquez, 30 anos. Tenorio (Es).
 José Ventín Pais, 73 anos. Tenorio (J).
 Laureano Adán Cabaleiro, 77 anos. Valongo (L).
 Luís Alonso Dobarco, 25 anos. Viascón (Lu).
 Guillermo Campos Piñón, 50 anos. Viascón (G).

BIBLIOGRAFÍA

- BÁEZ SAN JOSÉ, V. (1975): *Introducción crítica a la gramática generativa*. Barcelona: Planeta.
- DÍAZ HORMIGO, M.^a T. (1997): «Esquemas sintáctico-semánticos de unidades constituyentes de estructuras paradigmáticas secundarias. A propósito del desarrollo predicativo», *Estudios de lingüística general (III). Trabajos presentados en el II congreso nacional de lingüística general*. Granada: Método (93-105).
- ESCANDELL VIDAL, M. V.^a (1996): *Introducción a la pragmática*. Barcelona: Ariel.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega. III Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- GARCÍA, E. C. (1995): «Frecuencia (relativa) de uso como síntoma de estrategias etnoprágmatikas», *Lenguas en contacto en Hispanoamérica*, Frankfurt am Main.
- HERNANZ, M.^a LL. e BRUCART, J. M.^a (1987): *La sintaxis I. Principios teóricos. La oración simple*. Barcelona: Crítica.
- LAVANDERA, Beatriz R. (1984): *Variación y significado*. Buenos Aires: Librería Hachette S.A.

- LÁZARO CARRETER, F. (1987⁷): *Diccionario de términos filológicos*. Madrid: Gredos.
- LEECH, G. N. (1998): *Principios de pragmática*. Logroño: Universidad de La Rioja.
- LEVINSON, S. C. (1989): *Pragmática*. Barcelona: Teide.
- LUJÁN, M. (1980): *Sintaxis y semántica del adjetivo*. Madrid: Cátedra.
- LUQUE DURÁN, J. de D. & MANJÓN POZAS, F. J. (1997): «De la micro a la macro-semántica: exploraciones sobre los mecanismos de integración semántica y el papel en el enunciado de los modificadores temporales» *Estudios de lingüística general (III). Trabajos presentados en el II congreso nacional de lingüística general*. Granada: Método (273-288).
- LYONS, J. (1997): *Semántica lingüística. Una introducción*. Barcelona: Paidós.
- Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo: Real Academia Galega/Galaxia/Xerais.
- RODRIGUES LAPA, M. (1984¹¹): *Estilística da lingua portuguesa*. Coimbra: Coimbra Editora.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- ROJO, G. & JIMÉNEZ JULIA, T. (1989): «Fundamentos del análisis sintáctico funcional», *Lalia 2*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- RUWET, N. (1974²): *Introducción a la gramática generativa*. Madrid: Gredos.
- SILVA-CORVALÁN, C. (1989): *Sociolingüística. Teoría y análisis*. Madrid: Alhambra, S.A.
- STATI, Sorin (1979): *La semantique des adjectifs en langues romanes*. Paris: Editions Jean-Favard (Service Linguistique de l'Université Pierre-et-Marie Curie).
- TRUJILLO, R. (1996): *Principios de semántica textual*. Madrid: Arco Libros, S.L.
- VILELA, M. (1995a): *Gramática da Língua Portuguesa*. Coimbra: Almedina.
- (1995b): *Léxico e Gramática. Ensino da lingua portuguesa: léxico, dicionário, gramática*. Coimbra: Almedina.